

CRUZ GALLÁSTEGUI, PAI DA MODERNIZACIÓN AGROPECUARIA GALEGA

O pasado 22 de abril, o veterinario, enxeñeiro agrónomo e xenetista Cruz Gallástegui foi homenaxeado na terceira edición do Día do Científico Galego, promovido pola Real Academia Galega de Ciencias (RAGC). Gallástegui foi pioneiro en Europa no eido da experimentación xenética cos híbridos de millo. A través da Misión Biolóxica de Galicia, da que estivo ao fronte durante case 4 décadas, levou a cabo un importante labor investigador e de difusión no noso país dos novos progresos técnicos que viñan do resto de España e de Europa. Podemos consideralo como pai da modernización do agro galego.

Diego Conde Gómez

Asociación Historia Veterinaria Galega (HISVEGA).
historiaveterinariagalega@yahoo.es



O millo foi un dos principais obxectos de interese do investigador

Cruz Gallástegui naceu en Vergara (Guipúscoa) en maio de 1891. Rematado o bacharelato, seu pai, experto en horticultura, fruticultura e gandería, enviouno primeiro a Limoges (Francia) e despois a Alemaña, onde estudou de 1910 a 1914 e graduouse como enxeñeiro na Real Escola Superior de Agricultura de Hohenheim, preto de Stuttgart. Alí coñeceu a Xulio López Suárez, que o invitou a ver a finca que o seu irmán, Xoán de Forcados, tiña en Lamaquebrada, nas terras do seu Saviñao natal.

Xoán de Forcados ensaiaba e patrocinaba un proxecto de granxa experimental e unha escola agrícola nocturna na que os fillos dos labregos aprendían as bases da agricultura e da economía agraria. Encargoulle a dirección dos dous proxectos a seu irmán e a Gallástegui. O encontro cos irmáns López Suárez foi decisivo, porque Xoán, que xa estaba ampliando estudos de Medicina no Rockefeller Institute de Nova York, conseguiu que a Junta para la Ampliación de Estudios lle concedese unha beca a Cruz Gallástegui, que chegou a Nova York a finais de 1917.

López Suárez orientou a Gallástegui cara á xenética, e despois de acompañalo a visitar ao premio Nobel Thomas H. Morgan e ao profesor Edward M. East, os máis sonados xenetistas daquela época en América, axudouno a instalarse en Boston para estudar na Bussey Institution da Universidade de Harvard, xenética vexetal con East e xenética animal con William E. Castle.

Despois de Harvard, Cruz Gallástegui traballa na Agricultural Experiment Station de Connecticut con Edward H. Jenjjs, Donald e F. Jones e Shull sobre a fecundación do millo híbrido. Logo vai a New Haven e a partir do 1 de febreiro de 1919 pasa a Ithaca (Nova York) para proseguir os seus estudos no Departamento de Mellora Vexetal da Universidade de Cornell. Dada por rematada a súa estadia en EEUU, aínda bota un ano en México na explotación agrícola do seu tío Teodoro Gallástegui, poñendo en práctica o que aprendera.



Co xornalista Juan Carballeira

Mentres tanto, López Suárez xestionaba coa xunta directiva da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago que solicitara da Junta de Ampliación de Estudios, daquela presidida por Ramón y Cajal, a creación dun centro no que se estudara e traballara sobre o melloramento da riqueza agrícola e gandeira de Galicia. Para tal finalidade, López Suárez conta co apoio da Escola de Veterinaria de Santiago e do Distrito Forestal de Pontevedra. Só lle faltaba convencer a Gallástegui para que se sumase ao proxecto.

Cruz Gallástegui regresa de América en marzo de 1921, e nunha viaxe en tren desde Monforte a Venta de Baños desiste de continuar ata Vergara e acompaña a Xoán de Forcados a visitar en Madrid a Cajal e a José Castillejo, secretario da Junta, para establecer os pormenores da posta en marcha en Santiago da Misión Biolóxica de Galicia.

A Misión Biolóxica de Galicia instalouse no actual edificio do Parlamento autonómico. Na horta púxose o primeiro millo híbrido de Europa

A proposta foi aceptada, e en abril de 1921 nace a Misión Biolóxica con sede en Santiago e Gallástegui como director, orientado por un comité de dirección composto por Rafael Areses, xefe do distrito forestal de Pontevedra; Xosé Rivero de Aguilar, director da Económica; Rof Codina, inspector de hixiene pecuaria, e López Suárez. Instalouse a Misión nos locais que lle cedeu a Escola de Veterinaria, o actual edificio do Parlamento de Galicia, e o primeiro que se fixo foi plantar millo na parcela de media hectárea da horta. Este sería o primeiro millo híbrido que se plantou en toda Europa. O orzamento inicial da Misión ascendía a 10.500 pesetas anuais e era custeado integramente pola Junta de Ampliación de Estudios. Pódese dicir que Gallástegui o converteu nun centro dinamizador da investigación galega, desbotando a idea enquistada da Galicia atrasada.

Durante estes anos Cruz Gallástegui aproveita para realizar os seus estudos de Veterinaria, que finaliza en 1924. A Misión permaneceu en Compostela de 1921 a 1924, ano no que quedou sen local ao desaparecer a Escola de Veterinaria. Pero en 1927, Daniel De la Sota, presidente da Deputación de Pontevedra, fíxose cargo do desacougo que esta decisión do Ministerio da Guerra da Ditadura de Primo de Rivera producira e fa-



Gallástegui nun campo de millo



Gallástegui, no seu despacho na Escola de Veterinaria de Santiago en 1921

En 1939 a Misión Biolóxica pasa a depender do Consello de Investigación Científicas, o que permite a Cruz Gallástegui iniciar novas tarefas e mellorar as instalacións

cilitoulle o traslado a Pontevedra, primeiro á finca da Tablada e máis tarde á granxa e pazo de Gandarón, en Salcedo, que pertencera ao arcebispo Malvar. Neste último lugar é onde se instalou definitivamente, con importantes melloras no cadro de persoal e nas subvencións anuais.

Ademais dos numerosos estudos agropecuarios que deu a coñecer en publicacións e conferencias na etapa de Santiago, Gallástegui, para iniciar os traballos da Misión, selecciona o problema dos souts de castiñeiros _que eran devastados polo andazo da tinta_ e a mellora do millo por medio da hibridación, ademais doutros estudos xenéticos. En Pontevedra, aínda que a súa función básica seguise sendo a mellora do millo, a Misión intensificou o contacto cos agricultores, repartiu gratuitamente híbrido e propiciou a creación do Sindicato de Produtores de Semillas, ademais de mellorar a baixa produtividade das patacas, seleccionar e mellorar as plantas hortícolas e establecer unha mellora no gando vacún a través de programas de control leiteiro. Coa incorporación dos enxeñeiros Vicente Boceta e Miguel Odriozola, orientou os traballos de selección e nutrición do gando porcino e a creación dunha piara da raza Large White.

A pesar das incertezas que provocou a guerra civil, en 1939 a Misión Biolóxica pasa a depender do Consello de Investigación Científicas, sucedáneo da Junta para la Ampliación de Estudios, o que permite a Cruz Gallástegui e os seus colaboradores manter as liñas de traballo en marcha e mesmo iniciar novas tarefas e mellorar as instalacións.



Cruz Gallástegui e Julio López Suárez en 1914

E aínda que o Ministerio de Educación foi impoñendo as normas directivas e administrativas da Misión, en ningún momento se cuestionou a figura de Gallástegui, membro do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista e ponderado polos seus contemporáneos coma unha grande personalidade científica que aínda impresionaba máis pola súa inigualable bondade. Dirixiu a Misión ata o momento mesmo da súa morte, moi preto da súa mesa de laboratorio, en 1960.